WIKIPEDIA

Lingua alsaciana

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **alsaciano** (en francés: *alsacien*, en inglés: *alsatian*, en castelán: *alsaciano*, en alemán: *Elsässerdeutsch* e en alsaciano: *Elsässisch*) é un conxunto de variantes de baixo alemánico e alto alemánico que se falan dende o leste da cordilleira dos Vosgos e o río Rin, principalmente na rexión de Alsacia.

Alsaciano 'Elsässisch'	
Pronuncia:	AFI: elsæssiʃ
Outros nomes:	*Elsässerditsch* AFI: elsæssərditʃ
Falado en:	Francia
Rexións:	Alsacia
Total de falantes:	máis de 700.000
Familia:	Indoeuropea Xermánico Xermánico Occidental Alemán Alemán superior Alemánico Baixo alemánico **Alsaciano**
Escrita:	Alfabeto latino
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Ámbito privado de Alsacia
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`---`
ISO 639-3:	`gsw (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=gsw)`
SIL:	`GSW`

Índice

Xeografía e uso


Xeografía

Uso


A partir do século XX, o uso do alsaciano entra en retroceso como resultado das políticas de uso do francés, dentro do contexto das dúas guerras mundiais, e aínda que

hoxe en día é empregado pola poboación de maior idade e no mundo rural. Nas cidades o seu uso é moito menor.

O alsaciano, considerado polo 95% dos alsacianos como a lingua rexional contra a un 1% que pensa que é o alemán (sondaxe de **Dernières Nouvelles d'Alsace, DNA**, 22 de setembro 1999), pode no entanto ser ensinado nas gardarías e na escola primaria, pero permanece aínda como unha lingua maioritariamente de uso familiar.


Area de uso do alsaciano e do conxunto de dialectos alemánicos

Lingüística



Os grupos dialectais xermánicos e románicos da rexión Alsacia arredor de 1910.

Ortografía e fonética

Orthal



Inscrición en alsaciano nunha xanela da localidade de Eguisheim:
Dis Hausz sted in Godes Hand - God bewar es vor Feyru
("Esta casa está en mans de Deus - Que Deus a protexa do lume")

Con *Orthal* (xurdiu no 2003 co nome *Graphal*) inténtase unificar todos os dialectos alsacianos para ter unha forma normativa na escrita. Como todos os dialectos alemánicos, non dispón dunhas regras de ortografía inamovibles e a fonética pode variar dunha vila a outra.

Lexicoloxía

O seu léxico caracterízase por preservar arcaísmos do alto alemán e unha permeabilidade constante ao francés.

Galego	Alsaciano	Alemán
terra	**Arda**	Erde
ceo	Himmel	Himmel
auga	Wasser	Wasser
lume	**Fir**	Feuer
home	Mann	Mann
muller	**Freu**	Frau
comer	**essa**	essen
beber	**trinka**	trinken
grande	gross	gross
pequeno	klein	klein
noite	Nacht	Nacht
día	**Dâa**	Tag

Historia

Orixes

O primeiro rexistro en alemánico antigo na Alsacia atópase nos Xuramentos de Estrasburgo do 842.

Disputas franco-xermanas: 1648-1945

A partir de 1648, coa asimilación progresiva de Alsacia ao reino de Francia e o resultante nacemento da rivalidade franco-xermana, o uso do alsaciano vese afectado as decisións políticas da administración de quenda que competirán en radicalidade pola instrución dos habitantes da rexión ao uso da lingua oficial, en detrimento todo iso do local.

É o caso do uso oficial exclusivo do alemán académico, no período de 1871 a 1919 e especialmente, o de asimilación ao III Reich de 1940 a 1945 que chega a prohibir o uso de palabras de orixe francesa ao falar en alsaciano.

Á súa vez, as administracións francesas que impulsaron o uso da lingua de Molière até a anexión de 1871, renovárono con particular énfase desde 1919, chegando os seus partidarios máis intransixentes a considerar o alsaciano como unha lingua *anti-patriótica*.

Dende 1945 e Unión Europea

Desde a década de 1960, no contexto da reconciliación franco-alemá, a recuperación do uso da lingua alsaciana até entón en retroceso, foi o obxecto de interese da cultura alsaciana, co rexurdimento das representacións teatrais en alsaciano, o uso na televisión local ou o seu emprego por figuras relevantes da cultura alsaciana.

Con todo, no nivel da administración do Estado francés séguese favorecendo o ensino da *lingua alemá*, impulsado dende 1992, con clases bilingües paritarias de francés e alemán en secundaria, e permitindo o acceso aos estudos superiores en universidades dos dous países a través do *Abibac*, mestura de *Abitur*

alemán e do *Baccalauréat* francés.

Cultura en alsaciano

Figuras

- Tomi Ungerer.
- René Schickelé.
- Jean Egen.
- Roger Siffer.
- Germain Muller.
- René Egles.
- Sylvie Reff.
- Kansas of Elsass.


Véxase tamén

Outros artigos

- Die Jackobsbrüder.

Ligazóns externas

- Uso do alsaciano nos medios de comunicación (https://web.archive.org/web/20061006232640/http://www.aber.ac.uk/~merwww/english/lang/gerals.htm)
- Sitio do xornal **DNA**, edición bilingüe (https://web.archive.org/web/20100406075951/http://www.dna.fr/bilingue/)



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua alsaciana***

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_alsaciana&oldid=5174807"

A última edición desta páxina foi o 13 de xuño de 2019 ás 19:55.